



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO. AUGAS DE GALICIA

##### Anuncio

##### INFORMACIÓN PÚBLICA

**CLAVE: DH.V27.71852**

ORTEGAL OIL, S.L., de conformidade co artigo 245 do Regulamento do dominio público hidráulico, solicita autorización para o vertido por infiltración no terreo (cunca da ría de Viveiro) dun caudal máximo de 2.211 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais industriais depuradas e dun caudal máximo de 438 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais domésticas depuradas procedentes das instalacións dunha estación de servizo asentada na marxe dereita da estrada LU-862, Ferrol - San Cibrao, p.k. 89+800 - Xubia - San Cibrao (t.m. Viveiro).

As augas residuais industriais xeradas na zona dos boxes de lavado son conducidas a 3 areiros de dimensións unitarias 1,5 x 1,4 x 1,1 m. As augas residuais industriais xeradas na ponte de lavado son conducidas a un areiro de dimensións 0,65 x 6 x 0,65 m. Posteriormente, as augas residuais industriais de lavado son tratadas conxuntamente coas augas residuais industriais xeradas na zona de subministro e descarga de combustibles nun separador de hidrocarburos de 10 L/s de dimensións 1,30 m de diámetro e 4,60 m de lonxitude. O efluente deste separador de hidrocarburos vértese por infiltración no terreo (cunca da ría de Viveiro) no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=614.666; Y=4.837.874, mediante pozo filtrante de dimensións 1,5 x 1,8 x 2 m conectado cunha zanja filtrante de dimensións 30 x 1 x 1,5 m.

As augas residuais domésticas xeradas nas instalacións son tratadas nunha estación depuradora de oxidación total deseñada para 10 habitantes equivalentes, de 10.000 L de capacidade e dimensións 1,6 m de diámetro e 3,50 m de lonxitude; e posteriormente vertidas por infiltración no terreo (cunca da ría de Viveiro) no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=614.666; Y=4.837.849, mediante pozo filtrante de 1 m de diámetro e 2,3 m de profundidade conectado cunha zanja filtrante de dimensións 30 x 1 x 1,5 m.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de TRINTA (30) DÍAS, contados a partir do seguinte día á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas da entidade Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sitas na praza Camilo Díaz Baliño de Santiago de Compostela, e no Servizo Territorial Norte de Augas de Galicia sito no Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Monelos, na rúa Vicente Ferrer, núm.2 - 9º andar da Coruña, onde se atopa exposto o proxecto para que poida ser examinado por quen desexe.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2020.- A Xefa da Área de Vertidos - Leticia Valladares López.

R. 1502

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. SERVIZO DO PATRIMONIO NATURAL

##### Anuncio

José Manuel Pol González, con DNI \*\*\*\*\*758V, en representación da Sociedade de Cazadores *Quiroga-Eiras* (CIF G27225804), titular do tecor *Quiroga-Eiras* (LU-10122) solicita a ampliación deste tecor cos terreos da zona libre de Pacios da Serra (1.040,17 hectáreas), na parroquia de Pacios da Serra, termo municipal de Quiroga.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 9 de xullo de 2020.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 1503

## CONCELLOS

### BARALLA

#### *Anuncio*

En sesión plenaria celebrada o 28 de maio de 2020, o Concello aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora sobre o imposto de Bens Inmóbeis do Concello de Baralla.

O acordo da súa aprobación expúxose ao público no BOP número 130 de data 8 de xuño de 2020, sen que se presentara ningunha reclamación durante o prazo de exposición, polo que a devandita Ordenanza considérase definitivamente aprobada de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e publicárase no Boletín Oficial da Provincial o seu texto íntegro.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-**

##### **Artigo 1.- Obxecto**

O Concello de Baralla de conformidade co disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fai uso da facultade que lle confire a mesma en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmóbeis rexéndose a súa exacción polo disposto na presente Ordenanza Fiscal.

##### **Artigo 2.-Tipos de gravame**

- Bens Inmóbeis Urbanos 0,50 % .
- Bens Inmóbeis Rústicos 0,60 %.
- Bens Inmóbeis de Características Especiais 1,3 %.

##### **Artigo 3. Exencións**

Gozarán de exención os bens inmóbeis previstos no artigo 62 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Estarán exentos do pago deste imposto os bens inmóbeis destinados a Centros Sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

O abeiro do establecido no artigo 62.4 do Real Decreto lexislativo antedito, e en base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, tamén quedarán exentos de tributación os recibos e liquidacións correspondentes aos seguintes Bens Inmóbeis:

- a) Bens Inmóbeis urbanos cunha cota tributaria líquida inferior a 6 euros.
- b) Bens Inmóbeis rústicos no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota tributaria líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6 euros.

##### **Artigo 4.- Bonificacións.**

**4.1.-** Os suxeitos que ostenten a condición de titulares de familias numerosas (nas que estean empadroados todos os membros da mesma, durante todo o ano de aplicación da bonificación pretendida) e cuxos ingresos anuais brutos non superen a cantidade de 30.000 € gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- **Xeral:** bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.
- **Especial:** bonificación do 90% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Teranse en consideración os ingresos unicamente do titular da familia numerosa.

Os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- DNI/ NIF do titular ou do representante e acreditación da representación.
- Título de Familia Numerosa.

-Libro de familia.

-Certificado de convivencia da unidade familiar no Padrón Municipal.

-No caso de discapacidade ou incapacidade para o traballo dalgún membro: certificación expedida polo Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI) do Instituto Nacional da Seguridade Social ou as emitidas polos Equipos de Valoración e Orientación (EVO) da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

-Copia da declaración da renda do último exercicio, ou no seu defecto de non estar obrigado/a á súa prestación, certificación das rendas obtidas emitida pola Axencia Española da Administración Tributaria.

A bonificación surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

**4.2.** Establecese unha bonificación do 75% da cota íntegra do imposto, a favor de aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas (agrarias, gandeiras e forestais), que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega nela, por razóns de operatividade.

Os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-DNI/NIF/CIF do solicitante.

-Certificado de Facenda no que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-Acreditación da titularidade catastral do inmovible .

-No caso de que o titular catastral das construcións, instalacións e obras referidos nos se correspondan co titular da explotación que se desenvolva nelas, este deberá achegar ademais da documentación establecida a documentación que acredite a cesión do uso ou aluguer dos referidos inmobles, admitíndose a presentación de declaración xurada do titular do inmovible sobre recoñecemento de vinculación coa actividade do titular da explotación, asinado por ambos.

-No caso de persoas xurídicas, deberán presentar os estatutos de constitución.

-Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.

-Documentación acreditativa do recoñecemento da explotación agraria, gandeira ou forestal ou licenza de actividade.

-Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

-Declaración responsable do suxeito pasivo conforme a actividade agraria, gandeira ou forestal é a única actividade económica que se desenvolve no inmovible obxecto da bonificación.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal.

Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal.

De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

A bonificación surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

**4.3-** Establecese unha bonificación do 75% da cota a favor dos bens inmobles rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

Os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-CIF do solicitante.

-NIF do representante legal.

-Certificado de Facenda no que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

-No caso de que o titular catastral das construcións, instalacións e obras referidos nos se correspondan co titular da explotación que se desenvolva nelas, este deberá achegar ademais da documentación establecida a documentación que acredite a cesión do uso ou aluguer dos referidos inmobles, admitíndose a presentación de declaración xurada do titular do inmovible sobre recoñecemento de vinculación coa actividade do titular da explotación, asinado por ambos.

-No caso de persoas xurídicas, deberán presentar os estatutos de constitución.

-Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.

-Documentación acreditativa do recoñecemento da explotación agraria, gandeira ou forestal ou licenza de actividade.

-Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

-Declaración responsable do suxeito pasivo conforme a actividade agraria, gandeira ou forestal é a única actividade económica que se desenvolve no inmovible obxecto da bonificación ou ben se no mesmo inmovible existen, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso económico distinto.

A bonificación surtirá efectos, desde o período impositivo seguinte a aquel ao da resolución da solicitude.

**4.4** Establecese unha bonificación de ata un 75% da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego, regulada no artigo 74.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponde dita declaración á Xunta de Goberno por delegación do Pleno, e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo.

Estableceranse os seguintes tramos :

-O 75% pola creación de máis de 5 postos de traballo.

-O 50% pola creación de ata 5 postos de traballo

Os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-DNI/NIF/CIF do solicitante.

-Acreditación da titularidade catastral do inmovible urbano onde se desenvolve a actividade económica .

-Certificación de estar dado de alta no IAE no epígrafe correspondente.

-Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.

-Contratos laborais correspondentes aos traballadores/as que xustifiquen a creación de emprego, así como os correspondentes documentos de alta na Seguridade Social.

A bonificación surtirá efectos, desde o período impositivo seguinte a aquel ao da resolución da solicitude.

**4.5** Establecese unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto a favor das vivendas de protección oficial, de conformidade co artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, durante o prazo de tres anos, contados desde o seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva.

A solicitude desta bonificación realizarase polo interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e producirá efectos desde o período impositivo seguinte a aquel ao da resolución da solicitude.

Os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-DNI/NIF/NIE do solicitante

-Certificado da cualificación definitiva como vivenda de protección oficial e a titularidade da vivenda mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

### **Disposición complementaria**

Son directamente aplicables as normas contidas nos artigos 60 a77 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que se consideran incorporadas a esta ordenanza.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### **Disposición derogatoria**

Queda derogada a Ordenanza fiscal do Imposto de bens inmobles publicada no B.O.P número 245 de data 25 de outubro de 2013.

Baralla, 9 de xullo de 2020.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1504

## **BECERREÁ**

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de data 09/07/2020, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 2º SEMESTRE DO 2020.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/09/2020. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá 10 de xullo de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1505

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de data 09/07/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/09/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de xullo de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1506

### **BEGONTE**

#### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 10 de xullo de 2020, o expediente de modificación de créditos núm. 6 /2020, ( 1º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de cento catro mil seiscientos cincuenta e catro con noventa e nove (104.654,99) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 10 de Xullo de 2020.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1507

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 10 de xullo de 2020, acordou a aprobación das bases reguladoras que rexeran a convocatoria das axudas para impulso da reactivación da actividade económica no termo municipal de Begonte, para paliar os efectos do COVID-19.

Dan cumprimento ao dito acordo plenario, procedese à publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están así mesmo expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

#### **BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE BEGONTE, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19**

##### **1.- OBXECTO DA PRESENTE CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria é paliar ou minimizar na medida do posible as consecuencias derivadas da grave crise económica provocada polo COVID-19, impulsando desde o Concello a reactivación da actividade económica e a protección do emprego no termo municipal de Begonte, mediante a concesión das correspondentes axudas aos autónomos e empresas.

O papel dos concellos nesta crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque a Administración do Estado e a Administración autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

## **2.- NORMATIVA APLICABLE.**

1.- As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no non previsto nas mesmas, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS) , na Lei 9/2.007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

3.-A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

## **3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de doce mil (12.000,00) € do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 433.479 “ Desenvolvemento empresarial / Outras subvencións a empresas privadas”, financiado mediante recursos propios e condicionado á aprobación da modificación orzamentaria habilitada ao efecto e actualmente en trámite.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento do programa. Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitudes se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderase ampliar o crédito ata a súa cobertura total ou a do maior número delas posible.

## **4.- CONTÍA DAS AXUDAS**

Con base no disposto no artigo 30.7 da LXS :

1.- Concederase unha contía fixa de cincocentos euros (500,00 €) , ás persoas físicas autónomas e xurídicas con ou sen personalidade xurídica propia e con ou sen traballadores ao seu cargo, cando a actividade que viñesen desenvolvendo se tivese visto afectada polo peche de establecementos disposto no Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, que modificou o artigo 10 do R.D. 463/2020 , de 14 de marzo.

2.- Concederase unha única axuda por establecemento, podendo ampliarse a contía fixa anteriormente sinalada ata o esgotamento do crédito previsto.

## **5.- REQUISITOS PARA SER PERSOA OU EMPRESA BENEFICIARIA.**

1.- Poderán solicitar esta subvención as persoas físicas autónomas e persoas xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica legalmente constituídas, que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa traballador autónomo ou entidade , de acordo a este punto 1.

b) Que a actividade que desenvolven se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto no R.D. 465/2020, de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo.

c) Que o domicilio fiscal e, no seu caso o local de desenvolvemento da actividade, se atopen no termo municipal de Begonte

- d) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social e en Facenda no momento da presentación da instancia.
- e) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.
- f) Non ter débeda algunha pendente co concello de Begonte. Este requisito verificarase de oficio polo Concello e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

#### **6.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

Dado o carácter de complementarias das axudas reguladas pola presente convocatoria, a súa concesión será compatible coas que se puideran obter de calquera outra Administración Pública.

#### **7.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

- 1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal [www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es) e nas oficinas municipais.
- 2.- As solicitudes, poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Begonte no modelo normalizado sinalado no parágrafo anterior ou ben por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Begonte accesible a través do enlace <https://begonte.sedelectronica.es>.
- 3.- O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), podendo ser obxecto no seu caso de ampliación.
- 4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

#### **8.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.**

- 1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou polo seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:
- a) DNI ou NIE acompañado de pasaporte no caso de autónomos. No caso de pequenas empresas xuntarse copia do DNI do administrador ou apoderado e do CIF da persoa xurídica solicitante.
- b) Copia no seu caso de escritura da entidade mercantil ou contrato de constitución da entidade sen personalidade xurídica. As entidades sen personalidade xurídica deberan achegar declaración asinada polos comeneiros ou socios conforme delegan a representación para solicitar a subvención e no seu caso, recibila nun dos comeneiros ou socio.
- c) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- d) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- e) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso no seu caso da subvención.
- f) Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:
- Que a actividade que viña desenvolvendo se viu obrigada a cesar polo peche de establecementos disposto polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.
  - Que se compromete a manter a actividade durante o período de 3 meses como mínimo a partir do día seguinte a data de concesión da axuda económica.
  - Que a persoa solicitante non está incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
  - Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- g) Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte á Seguridade Social (TGSS).

#### **9.- PROCEDEMENTO E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

- 1.- O procedemento da tramitación e concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e polo tanto non ten a consideración de concorrencia competitiva, ata o esgotamento do crédito orzamentario.



A instrución do procedemento corresponderá ao Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesaria para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación e tramitación a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria.

A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento de acordo co disposto no punto 3 da convocatoria.

3.-O Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local comprobará, pola súa orde cronolóxica de presentación, as solicitudes recibidas.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente.

4.- Previamente a elaborar a proposta, publicaranse a efectos de notificación na paxina web municipal, as seguintes listaxes:

- a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.
- b) Persoas solicitantes que non compren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.
- c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no punto 8 da convocatoria con indicación da documentación requirida. A estas, outorgaráselles un prazo de 5 días hábiles para que emenden a súa solicitude e presentes a documentación requirida.

5.-Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local, elevará a proposta de acordo ao órgano competente ( sr. Alcalde) e procederase á súa posterior publicación na paxina web municipal. A resolución de concesión e/ou denegación correspondera ao Alcalde- Presidente.

6.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de dos meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

#### **10.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

Son obrigas dos beneficiarios das axudas:

- a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses , como mínimo, a partir do día seguinte ao da concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención municipal.
- c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.
